



## INSTRUCCION DE TRANSPARENCIA NO CONCELLO DA CORUÑA

### Preámbulo

O actual Goberno Municipal comezou dende o momento da toma de posesión do Alcalde o pasado de 13 de xuño a facer do compromiso da transparencia un dos eixes da mellora da xestión pública. Incrementando a transparencia poden resolverse moitos dos problemas dos que adoece a imaxe das institucións públicas, ao facilitarlle á cidadanía o coñecemento da xestión e do comportamento das persoas encargadas dos asuntos públicos. Supón, ademais, unha obriga legal derivada da plena entrada en vigor da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Esta norma ten un triple alcance: incrementa e reforza a transparencia na actividade pública, que se articula a través de obrigas de publicidade activa para todas as Administracións e entidades públicas; recoñece e garante o acceso á información, regulado como undereito de amplio ámbito subxectivo e obxectivo; e establece as obrigas de bo goberno que deben cumplir os responsables públicos, así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento, o que se converte nunha esixencia de responsabilidade para todas as persoas que desenvolven actividades de relevancia pública.

No eido galego, a rendición de contas fora xa abordada por dúas leis específicas: por unha banda, a lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, e, por outra, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. A necesidade de adaptar as leis existentes en Galicia ao novo marco legal derivado da aprobación de nova lexislación básica, aconsellou a aprobación dun novo texto.

Deste xeito, dítase a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30, de 15/02/2016), estruturada cun título preliminar e tres títulos numerados, cada un deles dedicado á regulación dun dos obxectivos fundamentais mencionados no propio nome da lei: a transparencia e o bo goberno das administracións públicas autonómicas, ademais do réxime sancionador. A pesar de que as Entidades Locais non están no ámbito subxectivo de aplicación das disposicións desta lei, certo é que os seus principios reitores si serán inspiradores do traballo a desenvolver no Concello da Coruña en materia de transparencia:

- a) Principio de transparencia.
- b) Principio de accesibilidade universal da información pública.
- c) Principio de participación cidadá.



- d) Principio de veracidade.
- e) Principio de responsabilidade.
- f) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística.
- g) Principio de reutilización da información.
- h) Principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser canles naturais nas que se desenvolve toda a acción política. Só cando a acción pública se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que afectan á súa vida, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a seguirlle o paso a unha sociedade crítica, esixente e con vocación participativa. Á postre convértese no fermento da democracia real na que a cidadanía participa nas decisións e dispón de información que lle permite xular as persoas que exercen cargos públicos e pedirlles responsabilidade polas súas accións.

Os principios que orientan todo o desenvolvemento da publicidade son os previstos na lei e moi singularmente os de accesibilidade universal da información pública, veracidade e reutilización, fixando o obxectivo do establecemento, na medida do posible, de formatos estruturados (datos abertos).

Ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e garantizarlle á veciñanza o acceso á información relativa a ela é o obxectivo de ambas as dúas leis asumido polo goberno municipal, que demanda á estrutura administrativa municipal unha adaptación para que a súa consecución resulte do xeito ordinario de traballar dos servizos desta Corporación, e non unha carga burocrática engadida.

Esta esixencia alcanza globalmente á administración municipal concibida no seu sentido máis amplio. O artigo 2 da citada Lei 19/2013, referido ao ámbito subxectivo de aplicación, incorpora o Concello, as entidades dependentes do Concello e todas aquelas sobre as que este exerce influencia e control. Por tanto, están dentro do seu ámbito de aplicación as entidades dependentes ou vinculadas suxeitas a obrigas:



- CONCELLO DA CORUÑA
- INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS
- EMALCSA, EDAR BENS, EMVSA
- CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS
- CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA
- FUNDACIÓN EMALCSA
- FUNDACIÓN LUIS SEOANE

Nos artigos 3 e 4 cítanse outros suxeitos obrigados, incorporados no ámbito de aplicación da Lei ou con obriga de fornecer información. Por unha banda, as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teña carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros. Por outra banda, as persoas físicas e xurídicas distintas das anteriores que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas que estarán obrigadas a fornecer á Administración, organismo ou entidade á que se atopen vinculadas, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aqueles das obrigas previstas neste título. Esta obriga estenderase aos adxudicatarios de contratos do sector público nos termos previstos no respectivo contrato.

A todas estas entidades afecta esta Instrucción; a unhas en virtude do principio de xerarquía administrativa, ás outras en aplicación das normas e cláusulas dos contratos e convenios que as vinculan ao Concello. Todas elas deberán axustar a súa forma de traballo a unha real e normalizada práctica da transparencia na xestión.

Visto o anteriormente disposto e sendo competencia desta Alcaldía en virtude do establecido no artigo 124.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dito a presente instrución conforme ás seguintes DISPOSICIÓN:

#### **Primeira. Obxecto**

1. Esta instrución ten por obxecto establecer o marco de actividades, obrigas e compromisos asumidos polo Concello da Coruña para conseguir o obxectivo da transparencia na xestión.



2. A ditos efectos, esta instrucción facilitará a adaptación das disposicións legais vixentes na materia, nomeadamente o disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, ás peculiaridades organizativas e de funcionamento do Concello e as restantes entidades ás que resulta de aplicación.

### **Segunda. Ámbito subxectivo de aplicación**

1. As disposicións desta instrución son de aplicación a:
  - a. A administración do Concello da Coruña
  - b. O Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE)
  - c. As empresas de titularidade municipal (EMALCSA, EMVSA E EDAR BENS)
  - d. Os consorciós adscritos ao Concello da Coruña
  - e. As fundacións públicas
  - f. As restantes entidades con personalidade xurídica propia, dependentes de ou vincelladas á Administración municipal.
2. As disposicións desta instrución referidas á “publicidade activa” serán de aplicación, ademais, ás entidades privadas que perciban subvencións ou axudas públicas do Concello durante o período dun ano nunha cuantía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teña carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidad de 5.000 euros.

Para garantir o cumprimento do previsto neste apartado, as bases reguladoras das subvencións ou axudas recollerán expresamente a esixencia do cumprimento dos artigos 5 a 12 da Lei 19/2013, así como as consecuencias do seu incumprimento.

### **Terceira. Obriga de subministración de información**

1. Estarán obrigadas a subministrar información necesaria para o cumprimento das obrigas recollidas nesta instrución, previo requerimento da Administración



municipal ou calquera dos suxeitos recollidos na disposición segunda, as persoas físicas ou xurídicas distintas deles que presten servizos públicos, exerzan potestades administrativas ou sexan adxudicatarios de contratos do sector público.

2. Aos efectos establecidos neste apartado, a documentación contractual ou os negocios xurídicos que instrumenten a prestación dos servizos públicos ou o exercicio de potestades públicas, recollerán expresamente esta obriga de subministración de información e as consecuencias do seu incumprimento.

#### Cuarta. Principios reidores

Na interpretación e aplicación desta instrucción, así como na aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, aplicaranse os seguintes principios:

- a) Principio de transparencia: toda a información pública é accesible e relevante, e todas as persoas teñen acceso libre e gratuito a ela, coas excepcións previstas legalmente, que serán en todo caso de interpretación restritiva.
- b) Principio de accesibilidade universal da información pública: tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión son comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.
- c) Principio de participación cidadá: o obxectivo final desta instrucción é a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu derecho fundamental á participación nos asuntos públicos.
- d) Principio de veracidade: a información será certa e exacta, garantindo que procede de documentos respecto dos que se verificou a súa autenticidade, fiabilidade, integridade, dispoñibilidade e cadea de custodia.
- e) Principio de responsabilidade: os órganos e as entidades suxeitas ao disposto nesta instrucción son responsables do cumprimento das súas prescripcións.
- f) Principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística: os órganos e as entidades suxeitas a esta instrucción arbitrarán os medios necesarios para poñer



a disposición da cidadanía a información pública na língua e a través do medio de acceso que a cidadanía elixa.

- g) Principio de reutilización da información: procurarase facilitar a difusión da información en formatos abertos para que a cidadanía poda aproveitar, para as súas actividades, os documentos e datos publicados.

#### **Quinta. Publicidade activa**

1. Os suxeitos a que fai referencia a disposición segunda desta instrución deberán publicar por propia iniciativa e de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación.
2. No Concello da Coruña, corresponde a publicación da información ás Direccións, Xerencias, Xefaturas de servizo e postos análogos da organización municipal nos que se xere a información.

Nas restantes entidades, a publicación corresponderá aos órganos ou unidades que establezan os seus órganos de goberno.

3. A publicación da información levarase a cabo no Portal de Transparencia, a través dunha plataforma que de maneira clara, estruturada e sinxela para as persoas usuarias permita cumplir coas esixencias da Lei 19/2013 e as obrigas contidas nesta instrución consonte aos principios reitores enunciados na disposición cuarta.

As Xefaturas dos servizos de Innovación Tecnolóxica e Informática serán as responsables de poñer a disposición dos responsables de publicar a información a referida plataforma.

#### **Sexta. Acceso á información pública**

1. Todas as persoas teñen dereito a solicitar o acceso á información pública, de forma gratúa e sen necesidade de motivar a súa solicitude, cos límites recollidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.
2. Aos efectos previstos nesta disposición:



- a) Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos destinatarios desta instrución e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.
- b) Non terá a consideración de información pública a documentación obrante nun expediente en curso, cuxo acceso rexerase polo disposto na normativa reguladora do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. O exercicio do dereito de acceso á información exercerase de acordo co seguinte procedemento:
- O procedemento iniciarse coa presentación dunha solicitude por algún dos medios de presentación de escritos recollidos na normativa reguladora do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común. Porase a disposición dos interesados un modelo normalizado de solicitude na sede electrónica do Concello.
  - Recibida a solicitude, remitirase á ÁREA que teña encomendadas as funcións a que se refire a información solicitada.

No caso de que a información afecte a dúas ou mais Áreas, remitirase a aquela á que corresponda a parte principal da información solicitada ou á que dispoña da maior proporción de información, quedando esta facultada para esixir ás restantes Áreas implicadas a remisión da parte da información que corresponda para a súa entrega unificada e conxunta á persoa solicitante.

As controversias ou discrepancias sobre a ÁREA responsable de tramitar unha solicitude de acceso serán resoltas polo Gabinete de Transparencia e Bo Goberno ao que se refire a disposición décima.

- Na ÁREA responsable de tramitar a solicitude realizarase unha apertura codificada na Plataforma de administración electrónica e comprobarase que contén a seguinte información:
  - A identidade da persoa solicitante
  - A información á que se pretende acceder



- c. Unha dirección de contacto, preferentemente electrónica,a efectos de comunicacóns
- d. No seu caso, a modalidade que se prefira para acceder á información solicitada.
- d) Se a solicitude fose incompleta ou adolecese de vicios subsanables, concederase un prazo de subsanación de dez días ao solicitante, facéndolle saber que, de non emendar ou subsanar a solicitude, entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución na que se faga constar dita circunstancia, así como da suspensión do prazo para dictar resolución durante o tempo que media entre o requerimento e a emenda.
- e) Inadmitiranse a trámite as solicitudes nas que concorra unha das causas de inadmisión recollidas no artigo 18 da Lei 19/2013, previa resolución na que se faga constar a causa, que deberá ser notificada ao interesado.
- f) Se a información puidese afectar a dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, daráselles traslado da mesma, concedéndolles un prazo de quince días para que podan realizar as alegacións que estimen oportunas. Durante o trámite suspenderase o prazo para resolver.
- O traslado da solicitude a terceiros e a suspensión do prazo para resolver serán comunicados ao solicitante.
- g) A resolución pola que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse ao solicitante e possibles afectados que así o soliciten no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude. Este prazo poderá ampliarse por outro mes cando o volume ou a complexidade da información solicitada o faga necesario. A ampliación do prazo deberá ser notificada ao solicitante.
- h) O transcurso do prazo máximo para resolver ser ditarse resolución expresa permitirá ao interesado entender desestimada a súa solicitude. O incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo terá a consideración de infracción grave aos efectos da aplicación aos seus responsables do réxime disciplinario.
4. As resolucións que deneguen o acceso, as que concedan un acceso parcial, as que o concedan a través dunha modalidade distinta á solicitada e as que



permitan o acceso cando existise oposición de un terceiro serán debidamente motivadas. Destas resolucións darase traslado ao Gabinete de Transparencia e Bo Goberno ao que se refire a disposición décima desta instrución.

5. O acceso á información realizarase preferentemente por vía electrónica, salvo que non sexa posible ou o solicitante indicase outro modo distinto. Se a información estivese nos medios de acceso público, a resolución limitarse a indicar a forma de acceso, con indicación detallada das publicacións ou direccións electrónicas nas que pode atopar a información.

## Séptima. Organización interna da transparencia

1. Constitúen a organización interna da transparencia no Concello da Coruña:
  - a) O Gabinete de Transparencia e Bo Goberno, que recibirá o apoio administrativo da Xefatura de Servizo da Alcaldía.
  - b) As Áreas de xestión, que realizarán as tarefas que lles encomenda esta instrución baixo a responsabilidade das persoas titulares da Dirección, Xefatura de servizo ou unidades equivalentes, e baixo a dirección superior da persoa que ostente a Tenencia de Alcaldía ou Concellería. O exercicio de potestades sobre as entidades dependentes ou vinculadas ao Concello será responsabilidade da Área da que dependan.
  - c) O persoal do Concello, as entidades dependentes ou vinculadas así como os responsables doutros entes obrigados pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, que deberán colaborar na consecución dos obxectivos de transparencia.
2. A Xefatura de servizo de Alcaldía será a unidade administrativa responsable de garantir a aplicación das disposicións dirixidas ao cumprimento do derecho de acceso á información pública nos termos establecidos no capítulo III do Título I da Lei 19/2013, de 9 de novembro.

## Oitava. Réxime de responsabilidade

1. O incumprimento das disposicións desta Ordenanza polo persoal ao servizo do Concello da Coruña ou das súas entidades dependentes ou vinculadas, será sancionado de conformidade co establecido nos artigos 9.3 e 20.6 da Lei



19/2013, de 9 de decembro, sen prexuízo da aplicación da normativa de carácter disciplinario que sexa de aplicación.

2. As restantes entidades destinatarias desta instrución incurrirán en responsabilidade contractual ou extracontractual polos incumplimentos das obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro.

#### **Novena. Régime de reclamacións, queixas e recursos**

1. Contra a resolución en materia de acceso ou contra o silencio desestimatorio poderá interpoñerse potestativamente unha reclamación perante o Valedor do Pobo, que terá a condición de substitutiva dos recursos administrativos, ou directamente recurso contencioso-administrativo. Esta reclamación substanciarase conforme ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.
2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, quen considere que unha determinada información pública non disponible debería estar publicada conforme ao principio de publicidade activa poderá presentar unha queixa ante o Gabinete de Transparencia e Bo Goberno. A contestación ou explicación que sobre a mesma corresponda deberá serlle comunicada no prazo máximo dun mes.

#### **Décima. Gabinete de Transparencia e Bo Goberno**

1. Créase o Gabinete de Transparencia e Bo Goberno, que asumirá as seguintes funcións:
  - a) Controlar, avaliar e facer o seguimento permanente do cumprimento das esixencias de publicidade activa.  
A tal efecto, elaborará un informe anual sobre o grao de cumprimento da Lei 19/2013 e desta instrución no que se engadirán as accións que se considere necesario impulsar para mellorar o grao de transparencia do Concello da Coruña.
  - b) Recibir as suxerencias e queixas da cidadanía relacionadas coa transparencia, nos termos establecidos na disposición novena..



- c) Resolver as controversias ou discrepancias sobre a Área responsable de tramitar unha solicitude de acceso.
- 2. Corresponde ao Alcalde-Presidente nomear aos membros do Gabinete de Transparencia e Bo Goberno.

#### **Décimo primeira. Accións a desenvolver**

O cumprimento das previsións legais en materia de transparencia establecidas na Lei 19/2013, de 9 de novembro terá carácter prioritario para os servizos do Concello da Coruña, correspondendo adoitar as decisións que procedan, coa máxima celeridade, a fin de ter acadados os obxectivos establecidos no prazo máximo de tres meses a partir da aprobación desta instrución.

A ditos efectos, deberán acometerse de xeito inmediato as seguintes accións:

- 1. A creación dun Rexistro Público de Convenios, no que figurarán os documentos bilaterais desta natureza formalizados polo Concello da Coruña, así como os que estean en fase de elaboración.

O órgano ou dependencia que tramita o convenio será o responsable da anotación no rexistro da información relativa á preparación e aprobación. O órgano ou dependencia que dependa da autoridade que subscriba o convenio será responsable de inscribir a formalización.

O documento dixitalizado, coas correspondentes sinaturas das autoridades e persoas, será elevado ao rexistro polo responsable da tramitación.

- 2. A creación da plataforma de acceso web, nas condicións esixidas no artigo 5 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.
- 3. A constitución dun Grupo de Traballo sobre transparencia e bo governo no Concello da Coruña, coa misión de impulsar accións que favorezan o cumprimento das esixencias legais en materia de transparencia.
- 4. O impulso do Plan “A Coruña pola Transparencia”, cuxa coordinación técnica recaerá na xefatura de servizo da Alcaldía.

#### **Décimo segunda. Eficacia e publicación**

Esta instrución xurdirá plenos efectos e terá carácter obligatorio para os seus destinatarios a partir do día seguinte á súa publicación no sitio web municipal.

A Coruña, a 9 de marzo de 2016

O ALCALDE,

  
Ado. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde

The circular seal of the City of A Coruña, featuring the city's name in a circular border and a central emblem.